





# Como presentamos os traballos escritos?

Ante a necesidade de realizar traballos ou facer exercicios e ter que envialos para a súa corrección, deberemos seguir unhas pautas que faciliten a lectura e cualificación dos mesmos.

Todos/as deberemos seguir estas pautas e, de non facelo, poderán non ser revisados polo profesor/a.

Estrutura do traballo escrito	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Portada:</b> incluiremos o título do traballo, o nome do autor/a, a data de creación, o curso e o profesor/a a quen vai dirixido. Poderemos empregar imaxes representativas do tema para facelo máis atractivo, pero sen exceso.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Táboa de contido ou Índice xeral,</b> cos apartados principais e subapartados e a páxina correspondente.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Introdución:</b> explicaremos de xeito global o contido do traballo e os obxectivos que perseguimos.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Desenvolvemento dos contidos do traballo.</b> Exporemos punto por punto as diferentes partes. Poderemos utilizar imaxes que aclaren o explicado cando sexa posible, engadindo un pé que as explique.</li> </ul>	

<p>- <b>Conclusión:</b> resumiremos as ideas fundamentais analizadas ao longo do documento e, se é o caso, as valoracións finais.</p>	<p>Material: Prácticas de laboratorio</p> <p><b>CONCLUSIÓN</b></p> <p>Mediante el ensayo de flexión por choques hemos conseguido:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Conocer y diferenciar las propiedades mecánicas de un acero frente a cargas de flexión por impacto y de tensión por tracción o choque, midiendo la energía que el acero es capaz de absorber hasta su rotura cuando aplicamos diferentes energías de impacto.</li> <li>2. Comparando la tensión de rotura frente a las diferentes energías por impacto aprendiendo los cambios que se dan en función de la velocidad de aplicación de la carga.</li> <li>3. Observamos, por lo anteriormente expuesto, que al irse bajo la curva de tensión-deformación hasta la rotura (tenacidad a la rotura) es mayor, y por tanto el valor absorbido de la energía absorbida, cuanto mayor sea la energía de impacto aplicada.</li> <li>4. Concluimos en la línea de esta última afirmación puesto que a mayor velocidad de aplicación de la carga o energía de impacto que el metal tiene que absorber, menos tiempo dispone el mismo para resistir su estructura evitando mediante cambios por deformación, volviéndose una estructura menos plástica, con un menor valor de tenacidad a la rotura con altas velocidades de impacto.</li> </ol> <ol style="list-style-type: none"> <li>2. Familiarización con estas técnicas de ensayo, sus fundamentos y objetivos.</li> <li>3. Familiarización con poco más años el empleo de herramientas en el laboratorio.</li> </ol>
---	--

- **Bibliografía** e outras **fontes** consultadas (webgrafía, entrevistas orais, etc). Os libros deben mencionarse na seguinte orde: autor (Apellido en maiúsculas e nome), título, editorial, ano de publicación. Exemplos:



- DELIBES, Miguel. La hoja roja. Destino, 2007.
- COSTAS, Leticia. Escarlatina a cociñeira defunta. Xerais, 2014.
- Enciclopedia Universal Salvat, Tomo 2, páxina 63.
- wikipedia.org/wiki. Artigo "Cervantes"
- Páxina web de *El País*: www.elpais.com, 13/10/2021
- Fontes orais: Nome da persoa informante e data








Cando citamos ou facemos referencia a unha obra literaria, ou ao título dun libro, ou unha publicación (xornal, revista, etc.) debemos subliñalo se escribimos a man e poñémolo en cursiva se o facemos a ordenador; porén, cando nos referimos a un capítulo dun libro ou artigo dalgunha publicación, farémolo entre comiñas, independentemente de se o estamos a escribir a man ou a ordenador.

**Contido**

- Respetaranse as instrucións marcadas por cada profesor/a en canto a contido.
- A extensión debe corresponder ao indicado polo profesor/a.
- Podemos usar Internet e as fontes bibliográficas para recoller e analizar a información.
- Trátase de responder ao que se pide no traballo, resumindo (usando as túas propias palabras), valorando ou dando unha opinión sobre o que se pregunta. Por tanto, non é válido un traballo que se limite a copiar da Internet ou doutras fontes (Non vale "cortar e pegar").

**Formato do documento**

<p>- <b>Tipo de letra</b> Times New Roman ou similar, en cor negra e tamaño 12.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Interliñado</b> de 1,5.</li> <li>- Escribimos en <b>parágrafos</b> e deixamos un espazo en branco entre eles.</li> <li>- <b>Sangramos</b> os parágrafos deixando un espazo en branco duns 2 cm ao principio de cada un.</li> </ul>	

<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Marxes</b> do documento de 2,5 cm para a parte esquerda, superior e inferior, e 1,5 cm para a dereita.</li> <li>- Ao inicio dun capítulo a marxe superior terá 5 cm.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os <b>títulos</b> dos apartados serán tamaño 14.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A <b>aliñación</b> dos <b>parágrafos</b> será <b>Xustificada</b>.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Engadiremos un <b>encabezado</b> co título do traballo, e na parte inferior insertar o <b>número de páxina</b>.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Resaltaremos en <b>negriña</b> as palabras que consideremos que teñen importancia.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cando citemos literalmente algunha frase ou parágrafo utilizaremos a <i>cursiva</i> ou as comiñas ("...") e entre paréntese citaremos a fonte consultada.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O documento final será exportado a formato <b>.pdf</b> Hai conversores en liña como <b>ilovepdf</b>, e tamén se pode gardar como <b>.pdf</b> nalgúns procesadores de texto.</li> </ul>	

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Gardaremos o arquivo cun nome que identifique a actividade e o autor/a.</li> </ul>	<p>Exemplo: <b>TraballoT1.MartaCastro1ESOA</b></p>
<p><b>Envío do documento</b></p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deberemos enviar o arquivo .pdf a través da Aula Virtual na tarefa correspondente desde o correo do alumno/a. O correo deberá identificar o alumnado co nome e apelido: marta.castro@gmail.com.</li> </ul>	
<p><b>Data de entrega</b></p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- É imprescindible respectar a data de entrega dos traballos e facelo dentro do prazo sinalado. Pola contra, podería levar a que non se avaliasse.</li> </ul>	